

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ENTIDADE FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL.

Considerando o disposto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS), no artigo 67 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o reglamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLGS), no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene.

Considerando que esta subvención debe instrumentarse a través dun convenio de colaboración como mecanismo para especificar as bases reguladoras desta subvención, a tenor do que se dispón nos artigos 26 LSG, 67 RLGS e 16 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene.

Logo de ver a solicitude de subvención directa presentada o 27.06.2023 (RXE 1764) por Ramiro José Francisco Varela Cives, con DNI núm. 33167791C, en representación da entidade FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

Visto que o 30.06.2023 (RXE 1788) presenta unha segunda memoria explicativa da subvención solicitada que invalida a primeira memoria.

Logo de ver o informe emitido o 30.06.2023 por Pilar Couce Freire, como instructora do expediente, no que conclúe que a entidade FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA cumpre cos requisitos establecidos para ser beneficiaria da subvención directa.

C.L.F.: P-1503600-G

Visto o informe de Intervención do 26.07.2023, no que se fiscaliza desfavorablemente a concesión dunha subvención directa indicando:

“IV) RESULTADO DA FISCALIZACIÓN:

Á vista das comprobacións materializadas neste informe **fiscalizo desfavorablemente** a concesión da subvencións **condicionado** a que se xunte a seguinte documentación e se subsanen os seguintes aspectos:

- Certificados de que a entidade está ao corrente de pago co Concello de Fene

- O informe social debe pronunciarse acerca da existencia ou non doutras subvencións concedidas a Amigos de Galicia para a mesma finalidade por outras administracións distintas ao concello de Fene

- A cláusula SETIMA establece como data límite de presentación da documentación xustificativa o día (30/11/2023), o cal é contraditorio co previsto na cláusula CUARTA onde di que os gastos subvencionables deben ser gastos realizados ata o 31/12/2023

- MEMORIA da entidade subsanada, xa que na que aportan indicase que as familias atendidas son 30 no ano 2023 (apartado servizos desenvolto) e sen embargo no apartado traxectoria da entidade se indica que ata xuño 2023 refírese a que se teñen atendido a 39 familias.

Así mesmo, é preciso efectuar as seguintes **observacións**:

- De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a da Lei 38/2000, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, esta convocatoria debe tramitarse a través Base de Datos Nacional de Subvencións ”

Aos efectos de subsanar os aspectos anteriormente relacionados:

Visto que o 26.07.2023 (RXE 1987) a Fundación Amigos de Galicia presenta unha declaración responsable das subvencións solicitadas para o mesmo concepto e aclara o punto da memoria referido ao número de familias atendidas no ano 2023.

Logo de ver o segundo informe emitido o 27.07.2023 por Pilar Couce Freire, como instructora do expediente, no que se informa da documentación aportada e a subsanación dos asuntos relacionados no informe de intervención do día 26.07.2023.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Visto o que antecede, segundo as competencias conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención á entidade FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, por un importe máximo de 27.200,00 euros, que se instrumenta a través do correspondente convenio de colaboración.

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a entidade FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, que se transcribe a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ENTIDADE FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL

REUNIDOS

Dunha parte, Juventino José Trigo Rey , con DNI núm.: 76404053P, Alcalde-Presidente do Concello de Fene, en nome e representación do Concello de Fene, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E de outra, Jesús Busto Peteiro con DNI 76506101M en calidade de Director Xeral da Fundación Amigos de Galicia con CIF núm.:15859911, domiciliada en Rúa das Tabaniscas, 50, 15705, Santiago de Compostela, A Coruña.

C.L.F.: P-1503600-G

MANIFESTAN

I. Que o Concello de Fene, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, poder conceder de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

II. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.

III. Que é vontade da Concellería de Benestar Social e Igualdade incidir na mellora da inclusión social das persoas e grupos especialmente vulnerables fomentando a colaboración complementaria das Organizacións de solidariedade na loita contra a pobreza. Se consideran colectivos en risco de pobreza, entre outros, aqueles nos que inciden variables tales como a idade e a insuficiencia de recursos económicos para facer fronte as necesidades máis básicas de alimentación e vestimenta.

IV. Que é recoñecido o traballo desenvolvido pola Fundación Amigos de Galicia, na colaboración co departamento de servizos sociais e a adicación aos colectivos en risco de exclusión social dende o inicio desta colaboración dende o ano 2016.

A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa principalmente con persoas e familias en risco de exclusión social. A súa misión é contribuir a que familias con menores, mulleres en situación de exclusión por situacións de violencia de xénero ou outras causas, maiores e persoas con discapacidade, poidan vivir en condicións dignas e mellorar a súa realidade en todos os ámbitos, e para isto proporcionar a cobertura das necesidades básicas.

Que a Fundación Amigos de Galicia ten escritura pública de constitución do 30 de xuño de 2015 en Vilagarcía de Arousa, e figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego con núm.:1995/5. Con data 06.09.2017 procedeuse á inscrición da modificación dos estatutos da Fundación.

Que o 4 de xullo de 2022, reúnese o padroado para acordar a modificación dos estatutos nos artigos 2,4,6 e 11, rexistrando os cambios no Rexistro da Fundación de Interese Galego.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

V. Que o obxecto deste convenio é dotar as persoas e familias do Concello de Fene dos recursos necesarios para garantir a cobertura das necesidades básicas e extraordinarias que neste momento están a empeorar a súa situación de vulnerabilidade social.

Estas axudas supoñen un conxunto de actuacións destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas e familias que o requiran e así se valore polo Departamento de Traballo Social do Concello de Fene. Comprende axudas de alimentación, produtos de hixiene persoal e limpeza do fogar, axudas de roupa e calzado, material escolar, material informático e liñas de internet, agasallos de Nadal, mobles e enseres do fogar, así como atención a reparación en situacións de urxencia sobrevida.

VI. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O artigo 1.3 b) da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene dispón o seguinte:

“(...) Subvencións directas sen convocatoria previa: As que se outorgan, con carácter excepcional nos supostos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública(...)”

C.L.F.: P-1503600-G

SEGUNDA. OBXECTO E PERIODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto a cooperación do Concello de Fene coa Fundación Amigos de Galicia para desenvolver actividades de interese social.

Que o programa a desenvolver é o de atención ás persoas en situación de exclusión social do Concello de Fene mediante a cobertura das súas necesidades básicas, que fosen derivadas polos servizos sociais do concello.

A axuda que a Fundación Amigos de Galicia recibe por parte do Concello está destinada a reforzar o apoio ás personas/familias máis desfavorecidas do municipio. Este apoio concrétese, previa derivación por parte das traballadoras sociais do concello de Fene, no reparto quincenal de alimentos perecedeiros e non perecedeiros, produtos de hixiene persoal, e na cobertura de gastos básicos e urxentes, de primeira necesidade.

O Concello de Fene participará tamén dos servizos dos programas de orientación laboral, Em-femenino, “Mellor acompañad@s” e o Programa de Acompañamento Psicolóxico desenvolto pola Fundación.

O Convenio terá un periodo de vixencia de 12 meses.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Fene tiña previsto no Anexo I das Bases de Execución do Orzamento municipal de 2022, prorrogado para o exercicio 2023, unha subvención nominativa á Fundación Amigos de Galicia por importe máximo de dez mil euros #10.000,00 €# con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.00.

O Pleno do Concello de Fene, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de maio de 2023, aprobou inicialmente a modificación do antedito Anexo I de subvencións nominativas. Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, publicouse no BOP núm. 122 do 28 de xuño de 2023, a elevación a definitiva a modificación do anexo I, incluíndo neste unha

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

subvención nominativa á Fundación Amigos de Galicia por un importe máximo de vintese mil doucentos euros #27.200,00 €# con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.00.

A antedita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que se especifican na memoria e no orzamento de gastos que presenta a entidade.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 27.200,00 € e que se realicen dende o 01.01.2023 ate o 31.12.2023.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir a entidade beneficiaria. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver pola mesma.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Documento notarial dos Estatutos vixentes da fundación
- Acreditación da personalidade da entidade mediante a presentación do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da copia do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- e) Certificación acreditativa de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene, e coa Seguridade Social.
- f) Declaración responsable de que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Levar a cabo as actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- b) Cumprir coas obrigas que veñen impostas pola normativa reguladora das subvencións públicas.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez asinado o Convenio aboarase un primer pago correspondente ao 50% do total da subvención e o segundo pago aboarase ao remate do convenio cando se xustifique o total do gasto efectuado.

A Fundación Amigos de Galicia deberá presentar conta xustificativa mensual dos gastos realizados.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Mediante unha resolución da alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada pola Fundación Amigos de Galicia e ordeándose o pagamento anticipado do pago que corresponda. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto pola entidade beneficiaria. Aboarase en dous pagos, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía e despois da súa sinatura.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, do importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación antes do 11.12.2023:

a) Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención do número e contido das intervencións realizadas con cada persoa beneficiaria, incluíndo nome, DNI/CIF ou calquera outro documento identificativo. Incluírase tamén unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.

b) Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do concello de Fene en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD's, etc).

c) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.

d) Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.

e) Conta xustificativa e orixinal das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

f) Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 600 euros) achegarse declaración xurada do tesoureiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.

No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente. Deberá estenderse no orixinal da nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo unha dilixencia na que se faga constar que foi empregada como xustificante de gasto para a xustificación deste convenio, con indicación no seu caso, da porcentaxe a aplicar e tamén achegar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.

g) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co concello de Fene, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma voluntaria por escrito no mesmo prazo, será requerida a entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do RD 887/2006). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requerimento, dará lugar a que pola alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

C.L.F.: P-1503600-G

NOVENA. RELACIÓNS LABORAIS OU DOUTRA ORDE CON TERCEIRAS PERSOAS

Se a entidade destinataria da axuda municipal tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que á entidade lle impoña a lexislación vixente en materia de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

O concello non manterá relación laboral ningunha coas persoas que a entidade beneficiaria da axuda municipal puidera contratar nin asumirá responsabilidade de ningún tipo polo incumprimento en que o devandito beneficiario puidera incurrir.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación das contías recibidas.

UNDÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o convenio. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Fene polo/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social e Igualdade quen poderá delegar no persoal funcionario desa área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da Fundación Amigos de Galicia ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

DUODÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do concello de Fene, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións, estarase ao disposto na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa aplicable na materia.

DÉCIMOTERCEIRA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DECIMOCUARTA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicárase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, e as Bases de execución do orzamento.

DÉCIMOQUINTA. CONSTANCIA DA COLABORACIÓN MUNICIPAL.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Cando a Fundación Amigos de Galicia desenvolva actos públicos ou informe, por calquera medio de comunicación ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, fará constar e difundir a colaboración municipal. Nas publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) deberá constar o escudo ou logotipo municipal.

DÉCIMOSEXTA. SEGUIMIENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

É obriga da entidade beneficiaria da subvención segundo establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11. apartado c) “*someterse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes,... aportando tanta información sexalles requirida...*”. Polo que deberá facilitar os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos técnicos municipais, có fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

DECIMOSÉTIMA.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven deste convenio entre o concello e a Fundación Amigos de Galicia redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. Así mesmo eliminaranse os estereotipos sexistas na linguaxe.

DÉCIMOOITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento coa normativa reguladora dos datos de carácter personal, ambas partes comprométese a cumprir, nos termos en que sexan de aplicación, o establecido na Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter personal e lexislación aplicable.

C.L.F.: P-1503600-G

E en proba da súa conformidade asinan dixitalmente o presente convenio.

alcalde

O representante da Fundación Amigos de Galicia

Terceiro. Ordear o pago de 13.600 euros (50% do total da subvención) á FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA con cargo á aplicación orzamentaria 231.48900

Cuarto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería.

Quinto. Notificarlle esta Resolución á Fundación Amigos de Galicia, con CIF núm. G15859911, comunicándolle que contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por:

Interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02/10/2015), significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo segundo establece o artigo 123.1 da cita Lei 39/2015. A tal efecto poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera tramite dun procedemento administrativo.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.L.F.: P-1503600-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C.I.F.: P-1503600-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Pza. do Alcalde Ramón José Souto González, s/n, 15500 Fene. Tfno.: 981 49 27 07 Fax: 981 49 27 88

9 de 9